CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Desenvolve e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Organiza en grupo unha exposición de obras escultóricas elaboradas con materiais reciclados empregando materiais e técnicas plásticas variadas.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Reflexiona sobre o seu proceso de aprendizaxe, individual e grupal, e identifica as emocións que lle surxen na materia.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Amosa iniciativa por aportar ideas e fomenta a súa imaxinación e creatividade ao realizar os seus deseños e producións artísticas.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Toma parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte as experiencias creativas		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.

Contidos

- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico básico das artes audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A observación e investigación da contorna aporta ao alumnado unha fonte inagotable de coñecementos, experiencias e habilidades. Por iso, neste primeiro trimestre, se propoñen diversas actividades plásticas que parten de contidos relacionados co seu ambiente máis próximo. Ao finalizar o trimestre, plantéxase un reto grupal para que, dende ese contexto cercano como é a aula, interpreten e confeccionen un retrato dalgún compañeiro ou compañeira incidindo na expresión do seu rostro. Deste modo, e de forma transversal, vaise traballar a identificación de similitudes e diferenzas entre eles asumindo a diversidade como fonte enriquecedora no seu desenvolvemento.

A metodoloxía pon o acento nos seguintes aspectos:

- Análise e interpretación de monumentos e obras pictóricas recoñecidas e expresión das emocións que estas lle xeneran.
- Búsqueda de información sobre producións artísticas célebres para ampliar o seu coñecemento sobre elas.
- Experimentación e representación a través do emprego de diferentes soportes, técnicas e materiais artísticos.
- Elaboración do retrato dun compañeiro ou compañeira remarcando as súas expresións faciais e a súa posterior posta en común na aula.
- Participación en proxectos grupais poñendo en práctica habilidades sociais que desenvolvan valores como a empatía e a diversidade.

A natureza representa unha fonte de inspiración e creatividade moi relevante para a produción de composicións artísticas. A multitude de cores que mostran as paisaxes, os cambios na súa tonalidade segundo as estacións, as emocións que suscitan, son rasgos que nos ofrecen un marco excepcional para traballar, correlativamente, conceptos vinculados coa arte e coa natureza. O proxecto final deste trimestre plantexa a realización conxunta dun mural do bosque empregando materiais plásticos e elementos naturais. De forma transversal, vaise traballar a conservación e o coidado da nosa contorna e valorárase o gusto e a sensibilidade que nos aporta a natureza e os seus elementos nos nosos traballos artísticos.

Os aspectos metodolóxicos nos que se incide son os seguintes:

- Análise e interpretación de obras pictóricas célebres e as súas reproducións empregándoas como modelo.
- Experimentación de combinacións de cores empregando materiais diversos, a súa discriminación e interpretación.
- Expresión e identificación de emocións a través do emprego de cores e o seu significado en traballos plásticos.
- Experimentación e representación a través do emprego de diferentes soportes, técnicas e materiais artísticos.
- Construción de obxectos seguindo uns pasos predeterminados e a autoevaluación do proceso.
- Búsqueda de información sobre producións artísticas célebres para amplificar o seu coñecemento sobre elas.
- Adquisición progresiva de autonomía en tarefas e de capacidades de autorregulación.
- Elaboración grupal dun mural dunha paisaxe e a súa posterior posta en común na aula.

A reutilización de materiais e a reciclaxe son prácticas medioambientais que están estreitamente unidas as artes

plásticas. Combinar a creatividade e a innovación con conceptos mais complexos relacionados coa concienciación ambiental e o consumo responsable vai permitir que o alumnado aprenda dunha forma mais global e significativa. Coas actividades propostas ao longo deste trimestre e o proxecto final, preéndese concienciar ao alumnado da relevancia de transformar obxectos usados en elementos claves das súas producións artísticas: maquetas e esculturas.

Neste contexto se abordan os seguintes aspectos no ámbito da metodoloxía:

- Análise de esculturas e pinturas recoñecidas e a súa interpretación para empregarlas como modelo ao confeccionar as súas obras.
- Observación, identificación e discriminación de formas xeométricas presentes nos elementos da súa contorna e como se emprega no deseño e produción das súas creacións plásticas.
- Búsqueda de información sobre exposicións e producións artísticas célebres para amplificar os seu coñecemento sobre elas.
- Experimentación e representación a través do emprego de diferentes soportes, técnicas e materiais artísticos.
- Planificación de procesos para levar a cabo proxectos personals e grupais.
- Organización dunha exposición de esculturas elaboradas con materiais de desfeieto.
- Participación en proxectos artísticos que potencian a reutilización de materiais e desnrolan a conciencia medioambiental.
- Establecemento de relacións entre aprendizaxes de distintas disciplinas.
- Desenrolo da creatividade, a imaxinación e a iniciativa por aportar ideas ao realizar as súas tarefas na materia.

O eixo conductor, ao longo deste trimestre, é o interese polo coñecemento e a percepción da súa contorna mostrando unha maior sensibilidade artística. Os aspectos nos que os íncides son os seguintes:

1. Os diferentes tipos de liñas.
2. O uso da cuadrícula para debuxar simetrías.
3. As liñas e formas da súa contorna e a súa representación.
4. O cortometraxe e os fondos de cor.
5. A realización de estampacións con obxectos cotidiáns.
6. O recoñecemento de artistas e reproducións artísticas famosas: Picasso, o Taj Mahal, as pinturas rupestres, etc.
7. O retrato dunha compañeira ou un compañeiro e a súa exposición para analízalos.
8. A manifestación de gustos, sentimentos e emocións a través do arte e súas actividades plásticas.
9. A valoración positiva das diferencias entre as persoas.
10. A reflexión sobre as súas aprendizaxes basándose na agrupación de traballo: individual e en equipo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor partituras, gravación, etc.
Altosfalantes
Pinceis e témperas
Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras
Diferentes tipos de PAPEIS: celofán, cartolina, ...
Bloc de traballo do alumno e cartolinas

Estoxo
Diferentes tipos de teas.
Material de reciclaxe: botellas de plástico, rolos de papel hixiénico...
Arxila : material para modelaxe.
Arame, aros, paus de pinchos...

Materiais do alumno:

Student Book

LibroMedia

Diferentes tipos de papeis: cartolina, papel pinocho, celofán....

Diferentes pastas para modelar: plastilina, barro....

Suxerimos o uso dos materiais seguintes:

- Lapis, goma de borrar, lapis de cores, rotuladores, témperas, pegamento e tesoiras, ceras brandas, témperas, goma de borrar e papeis de cores, esponxa.

- Material reciclable: cortiza, tapóns de plástico, la e un pau de madeira, rolo de papel de cociña e rolo de papel hixiénico, tetra brik e tapóns.

- Material dixital: vídeos e crebacabezas de obras de arte, actividades interactivas compositivas, actividades de técnicas plásticas con barra de ferramentas.

Materiais do profesor:

Programación didáctica de aula, axustada aos requerimentos da LOMLOE.

Fichas de reforzo e ampliación, evaluación inicial e trimestral.

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste centro é a aula base. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades.

Conta cun ordenador conectada á pantalla dixital que favorece o traballo coas novas tecnoloxías.

O material empregado está dentro da aula, nunha estantería adicada unicamente ao material plástico (folios, cores, pinturas, tesoiras, cartolinas...).

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste: estoxo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Realizarase unha proba durante as 4 primeiras sesións a modo de avaliación inicial e a través de produción/s concreta/s que permitan establecer uns criterios claros do nivel mínimo de cada alumna/o. Esta consistirá na realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o avance e progreso da etapa pre-esquemática: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, emprego de cores primarias nas imaxes e rectas trazadas con soltura e seguridade.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o

modo intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	35	35	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

- 1º trim.: UD1 80% (traballo individual) + traballo en equipo 20%
- 2º trim.: UD2 80% (traballo individual) + traballo en equipo 20%
- 3º trim.: UD3 80% (traballo individual) + traballo en equipo 20%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 35%
- 2º trim. 35%
- 3º trim. 30%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicárase o seguinte:

- se o decimal estiver entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- se o decimal estiver entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada unidade ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto tería lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin: a recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade bidimensional ou tridimensional relacionados coas UD do Trimestre.

-Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

6. Medidas de atención á diversidade

En xeral, inténtase que as medidas de atención á diversidade sexan escasas, xa que unha programación ben elaborada e contextualizada na realidade da aula require un número moi limitado delas.

A educación inclusiva convértese nun principio fundamental co obxectivo de atender á diversidade das necesidades de todo o alumnado. Para iso, débense eliminar as barreiras que limitan o acceso, presenza, participación e aprendizaxe daqueles que se atopen en situación de vulnerabilidade socioeducativa e cultural.

Así, a educación inclusiva non se refire unicamente ao acceso á educación. Trátase do compromiso do sistema educativo de facilitarlle a todo o alumnado a aprendizaxe, cos mesmos dereitos e en igualdade de oportunidades.

Para desenvolver esta programación didáctica, atenderase ás medidas de atención á diversidade tendo en conta as necesidades e as características do alumnado.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua: neste centro danse moitos casos de incorporación de alumnado que accede ao centro unha vez iniciado ou xa moi avanzado o curso. Levarase a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo e traballarase na comunicación facendo moito máis fincapé a través de imaxes.

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Número de alumnos: Clase con 16 alumnos/as

Funcionamento do grupo : É un grupo pequeno e pouco traballadores. Son nenos/as que non acatan ben as ordes. Son moi faladores . O nivel dos coñecementos é moi heteroxeneo

Que fortalezas identificamos no grupo en canto ao desenvolvemento de obxectivos curriculares e en canto as competencias? A maioría son moi participativos nas clases de plástica

Funcionamento do grupo : É un grupo pouco numeroso e revoltoso. Hai nenos/as que non acatan ben as ordes. Son moi faladores. O nivel dos coñecementos é moi heteroxéneo.

Necesidades individuais

Según se pode observar hai varios cativos que precisarán axuda: Presentan problemas de pronunciación e tamén de lectura.

Hai un posible caso de TEA e 2 casos de TDH.

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión (crease traballo adaptado a eses nenos)..
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos adicionais con cartas, taboleiros...
- Xuntamos en pequenos grupos de traballo e inténtase reforzar as aprendizaxes.
- Proporcionaráselles reforzo educativo dentro da aula.
- Adáptase os espazos e os tempo dos traballos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X	
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais, eiqú numerados, 1-6, 8 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
-Visita a paisaxes e lugares do contorno da localidade.	Unha vez cada trimestre, sairemos a contorna a observar os cambios que se dan na paisaxe. debuxarémolos.....	X	X	X
-Participación en talleres ofertados polo concello ou outros organismos, relacionados con aspectos ambientais, de convivencia e do estudo da contorna.	Por exemplo nos talleres do día contra a violencia de xénero.....	X	X	X
- Participación no festival de Nadal	Representarán unha pequena obral teatral para a cal farán a decoración. Faremos un Papá Noel con culleres de plástico e la.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
- Samaín : - a finais de outubro	Participamos na decoración da escola. Fixemos cabazas decoradas par ao concurso. Participamos no programa da TVG "Quen anda aí?"	X		
- Participación en campañas como : -Do 1 o 11 de decembro Constitución e do Estatuto de autonomía de Galiza.	- Participación en campañas como : -Do 1 o 11 de decembro Constitución e do Estatuto de autonomía de Galiza. Intentaremos facer un mural, xunto cos nenos de segundo e terceiro sobre a Constitución.	X		
Xunto coas clases de 2º e 3º de Primaria faremos un nacemento: primeira quincena de decembro	Montaremos un nacemento na entrada do colexio.	X		
-10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Intentaremos crear varias láminas nas que se representen algúns dereitos.	X		
-8 de marzo: Día Internacional da Muller Traballadora.	Faremos un cartel para ese día.		X	
- Do 12 o 16 de marzo: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.	Farán un collage con papel de periódico		X	
Día do pai	Farase un cadro coa foto do alumno en paus da garganta.		X	
-Entre o 12 o 30 de abril: Día do Libro.	Leremos libros que falen dea historia da música			X
-Do 9 o 16 de maio: Semana das Letras Galegas.	Faremos obras nas que se represente a vida e obras do autor			X
Día da nai	Faremos un ramo de flores de papel.			X
- Primeira quincena de xuño	Participación do festival de fin de curso: decoración do escenario			X

Observacións:

Considéranse actividades complementarias as planificadas polos mestres que utilicen espazos ou recursos diferentes ao resto de actividades ordinarias da área, aínda que precisen tempo adicional do horario non lectivo para a súa realización. Serán avaliábeis para os efectos académicos e obrigatorias tanto para os mestres como para os alumnos. Non obstante, terán carácter voluntario para os alumnos as que se realicen fóra do centro ou que precisen achegas económicas das familias, caso en que se garantirá a atención educativa dos alumnos que non participen nelas

Entre os propósitos que perseguen este tipo de actividades destacan:

- Completar a formación que reciben os alumnos nas actividades curriculares.
- Mellorar as relacións entre alumnos e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- Permitir a apertura do alumnado cara ao contorno físico e cultural que o rodea.
- Contribuír ao desenvolvemento de valores e actitudes adecuadas relacionadas coa interacción e o respecto cara aos demais, e o coidado do patrimonio natural e cultural.
- Desenvolver a capacidade de participación nas actividades relacionadas co contorno natural, social e cultural.
- Estimular o desexo de investigar e saber.
- Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumno.
- Espertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que se integren e que realicen.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Medidas de atención á diversidade
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo

do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
 - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
 - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
 - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
 - Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
 - Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
 - Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados